

THE LAST SHOWGIRL 1538

Gia Coppola, 2024

ESTREA EN NUMAX: 20.06.2025 | V.O.S.E. | +12 | 84 min

Unha experimentada bailarina (Pamela Anderson) debe planificar o seu futuro cando o seu espectáculo remata abruptamente tras unha carreira de 30 anos. Como bailarina de cincuenta anos, débátese por saber que facer a continuación. Como nai, esforzase por reparar unha tensa relación coa súa filla, que a miúdo pasaba a un segundo plano na súa vida.

«Un filme dolorosamente vulnerable que catapulta a Pamela Anderson á conquista de premios e se erixe como o mellor de Gia Coppola até a data»
Robert Daniels, SCREENDAILY



Entrevista con Pamela Anderson: «Fun 'cousificada' na miña carreira e na miña vida»

Por María Estévez

Que significou para ti interpretar este personaxe? Sentín que me desafoguei nesta película dunha maneira que nunca fixera en terapia. Teño dous fillos adultos que viron como fun 'cousificada' na miña carreira e na miña vida. Vin como iso os afectou. Eu síntome orgullosa do meu traballo, desde as primeiras cousas que fixen na miña carreira, porque me axudou a manter á miña familia. Pero é certo que falei cos meus fillos do impacto que tivo neles todos os comentarios. É imposible ser unha nai perfecta.

Considera este filme como un rexurdimento profesional? Morría de ganas de expresarme dunha maneira creativa que estaba oculta. Soa ben dicir: “*De Vixiantes da praia* (Douglas Schwartz, 1989) a Broadway”, pero sempre ansiei interpretar un papel como este, que representa ás mulleres que están sobre o escenario e con todo pensan en que van poñer de cea aos seus fillos ou na pelexa co seu marido. Estas mulleres son todas as mulleres que coñecemos, todas as que loitan a diario na súa vida.

Cal foi a escena máis difícil de filmar para ti? A maioría das escenas tiñan unha carga emotiva moi complicada. Para min, as escenas detrás de bastidores, cando me preparaba para saír ao escenario, foron as máis emocionantes. Hai moito poder e enerxía no momento en que pos a pedraría sobre a cabeza e te miras no espello. Eu conectei con este personaxe desde o corazón e foi un alivio poder expresarme nestes momentos. Sentín ledicia mesmo nos momentos máis dolorosos.

A escena da audición, na que é cuestionada pola súa idade, é moi difícil de ver. Algunha vez te cuestionaron por ese tema? Sentínme cuestionada pola miña idade constantemente. Para min rodar esa escena foi marabilloso. Gocei cada minuto. Pero había un medo en min, porque sabía que tiña que filmala con dignidade. Foi un momento realmente crucial, moi cru e moi real. Bailamos todo o día para prepararnos e cando chegou o momento estaba tan metida no papel que nin o pensei. Moita xente achégaseme e dime: “Tes razón, nunca renunciés aos teus soños”. E se un soño non funciona, simplemente cambias a túa roupa e convérteste noutra persoa. Sinto que a arte e a vida son simbióticas e creo na reinvención. Se es un soñador, se es un artista, simplemente debes levantarte, seguir adiante e seguir soñando.

Esta película é unha declaración de amor ao baile, pero tamén é unha fita de reinvindicación das mulleres. Creo que nacín para rodar esta película porque me preparei para ela desde pequena. Hai algo en min que conecta con Shelly. Se segues o curso da miña carreira, atopo un paralelismo. Hai cousas que, como ela, non debería ter feito e se miro cara a atrás, sei que podería tomar moitas decisións de forma diferente. Pero necesitas a experiencia da vida para comprendelo. Sinto que todas as actuacións nesta película son conmovedoras porque cada palabra significa algo. Atopar un papel como este, neste momento da miña vida, fíxome darme conta de que todo na miña vida valía a pena. Esta é unha película moi importante para a miña alma e para min, non podo explicalo doutra maneira, pero foi un proxecto feito con amor, pracer e honra por traballar con Gia Coppola e Jamie Le Curtis e a familia de coristas e Dave Bautista.